

CANTO OSTINATO

PARA INSTRUMENTOS DE TECLADO

1976-1979

Canto Ostinato é a peza máis coñecida do compositor holandés Simeon Ten Holt (1923-2012) e converteuse xa en toda unha icona da música minimalista.

SIMEON TEN HOLT

.....

A primeira interpretación de *Canto Ostinato* tivo lugar o 25 de abril de 1979 no Ruïnekerk de Bergen (Holanda) e realizouse utilizando tres pianos e un órgano electrónico. Outras combinacións son posibles usando sempre instrumentos de teclado, e de feito máis diversas combinacións de diferentes instrumentos empréganse en moitos concertos. Non obstante, segundo o autor é preferible a interpretación con catro pianos.

O material musical é tonal, fai uso da harmonía funcional e constrúese segundo as leis de causa e efecto (liberación de tensión). Aínda que todas as partes teñen a súa posición fixa no seu progreso e non son intercambiabes sen violar a liña melódica, a lóxica interna e a forma, o principio e o final non teñen significado absoluto como límites da forma. O tempo xoga un papel importante en *Canto Ostinato*. Aínda que a maioría dos compases ou seccións presentan signos de repetición e aínda que o intérprete decide o número de repeticións, non se pode falar de repetición como tal. A repetición neste caso ten como obxectivo crear unha situación na que o obxecto musical afirme a súa independencia e poida buscar a súa posición máis favorable con respecto á luz que se lle arroxa, facéndose transparente. O tempo convértese no espazo no que flota o obxecto musical.

Os intérpretes teñen unha ampla marxe de contribución. Deciden sobre o contraste dinámico, a duración, o uso da diferenciación de timbres opostos ou non, se toca ou non pasaxes ao unísono, etc. Os intérpretes tamén deciden, en función do tempo dispoñible e do esforzo físico, se van por quendas ou se habrá unha pausa. A primeira interpretación durou unhas dúas horas.

Unha interpretación de *Canto Ostinato* é máis un ritual que un concerto. A peza non ten présa e ten en común coa chamada música minimalista que non se pode falar de duración fixa.